VIII CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE OROSO

Sábado 18 de xuño de 2022
Sigüeiro - Oroso
Ás 17:30 horas

REGULAMENTO

1.- As probas disputaranse na localidade de Sigüeiro - Oroso. A saída e chegada de cada proba farase na rúa Camiño Inglés a carón da casa do Concello e o circuíto correspondente a cada categoría estará debidamente sinalizado.

2.- Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.

3.- A inscrición da proba absoluta (de sub-20 a masters) poderá realizarse nas webs **www.carreirasgalegas.com** e **www.atletismo.gal** con data límite: mércores 15 de xuño ás 23:59 horas.

A inscrición das carreiras escolares (de sub-6 a sub-18) farase tamén a través das páxinas web **www.carreirasgalegas.com** e **www.atletismo.gal** debendo rellenar o formulario de inscrición (data límite: mércores 15 de xuño ás 23:59 horas).

PREZOS DA INSCRICIÓN

CATEGORIAS ESCOLARES (de pitufo a sub 18 incluídos): GRATUITA

PROBA ABSOLUTA (de sub 20 a master): 5 € por participante
* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina web **www.carreirasgalegas.com**. Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono 981 291 799 ou no em@il **santiago@atletismo.gal**.
Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da carreira.

4.- Os dorsais poderanse recoller nas oficinas do Centro Deportivo Municipal o venres 17 de xuño de 16:00 a 22:00 horas (opción recomendable especialmente para participantes locais). O día da proba os dorsais recolleranse no Centro Cívico situado a carón da saída da proba. Haberá prazo límite de 30 minutos antes de cada proba correspondente.

5.- TROFEOS E MEDALLAS

Recibirán trofeos os/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento, os/as tres primeiros/as clasificados da proba absoluta e os tres primeiros clubes da clasificación final.

Nas categorías prebenxamín e pitufo recibirán medallas todos/as os/as participantes pero non haberá trofeos, xa que estas categorías non serán competitivas.

Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún corredor/a poderá recibir dous trofeos. A entrega de trofeos farase ao rematar a carreira.

6.- PREMIOS EN METÁLICO

INDIVIDUAIS (SUB 20 A MASTER)

1º Clasificado: 150 €	*1ª Clasificada: 150 €*
2º Clasificado: 100 €	*2ª Clasificada: 100 €*
3º Clasificado: 50 €	*3ª Clasificada: 50 €*

INDIVIDUAIS EMPADROADOS/AS NO CONCELLO DE OROSO (SUB 20 A MASTER)

1º Clasificado Oroso: 75 €	*1ª Clasificada Oroso: 75 €*
2º Clasificado Oroso: 50 €	*2ª Clasificada Oroso: 50 €*
3º Clasificado Oroso: 25 €	*3ª Clasificada Oroso: 25 €*

PREMIOS CLUBS FEDERADOS (SUB 20 A MASTER)

1º Club federado: 200 €
2º Club federado: 150 €
3º Club federado: 100 €

Para optar aos premios de clubs federados terán que entrar un mínimo de 8 participantes en meta, que serán os que puntúan, establecendo a clasificación pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos obteña; os equipos poderán ser mixtos.

Os pagos dos premios serán xestionados a través da Federación Galega de Atletismo.

6.- Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito correcto na zona anterior do corpo, será automáticamente descualificado.

7.- Os participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo da súa proba.

8.- Os atletas que obteñan algún premio poderáselles solicitar que acrediten a súa idade coa presentación do DNI ou pasaporte.

9.- Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os participantes. As reclamacións aos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

10.- O horario das saídas poderá ser modificado, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría.

11.- Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da RFEA e FGA para probas en ruta en vigor.

12.- Categorías e horarios

	CATEGORÍA	IDADE	HORA	DISTANCIAS
ABSOLUTA	Sub20	Nados/as en 2003-2004	17:30	10.000 m. aprox.
	Sub23	Nados/as en 2000-2001-2002	17:30	10.000 m. aprox.
	Senior	Nados/as en 1999 ata 1988	17:30	10.000 m. aprox.
	Máster 1	Nados/as en 1987 ata 1982	17:30	10.000 m. aprox.
	Máster 2	Nados/as en 1981 ata 1972	17:30	10.000 m. aprox.
	Máster 3	Nados/as en 1971 ata 1962	17:30	10.000 m. aprox.
	Máster 4	Nados/as a partir do ano 1961	17:30	10.000 m. aprox.
ESCOLARES	Sub-6	Nados 2017 e posteriores	18.30	300 m. aprox.
	Sub 8	Nados/as en 2015-2016	18:40	300 m. aprox.
	Sub10	Nados/as en 2013-2014	18:50	1.000 m. aprox.
	Sub12	Nados/as en 2011-2012	19:00	2.000 m. aprox.
	Sub14	Nados/as en 2009-2010	19:15	2.000 m. aprox.
	Sub16	Nados/as en 2007-2008	19:30	3.000 m. aprox.
	Sub18	Nados/as en 2005-2006	19:45	3.000 m. aprox.
ENTREGA DE PREMIOS A PARTIR DAS 20:00				